



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA VINTE DE XULLO DE 2015.

### PRESIDENTE

Sr. D. Pablo Diego Moreda Gil

### CONCELLEIROS

Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Pérez  
Don José Camilo Casal García  
Don Manuel Pérez Riola

### AUSENTES:

### SECRETARIA ACCTAL:

Dona M<sup>a</sup> del Mar Antón Brage

### INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás doce horas e quince minutos do día vinte de xullo de dous mil quince, reúñese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretario o acctal da Corporación dona M<sup>a</sup> del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, REALIZADA O 06.07.2015

De conformidade co preceptuado nos artigos 36 e 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección a acta da sesión realizada en data 06.07.2015 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

## 2.- COMUNICACIÓN PREVIA 2015/U009/000057

OBXECTO:	CAMBIO DE VENTÁS Plaza Sagrado Corazón, 5, 3ºD. Cedeira
PROMOTOR:	JUAN JOSÉ PITA TORRES
REFERENCIA CATASTRAL:	6347202NJ7364N0017HL
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	4.034,71 €
DATA DA SOLICITUDE (rex. entrada):	23/05/2015 (núm. 3079)
DATA DE INICIO DAS OBRAS:	30/06/2015
TAXA / ICIO:	24,20 € / 112,97 €

Visto o informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 16.06.2015, emitido en sentido favorable, coas seguintes condicións:



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

- Deberá manterse o modelo tipo de ventá do conxunto das fachadas do edificio

Vista proposta de Alcaldía de data 17.07.2015.

Considerando o previsto no art. 15 e seguintes, da Ordenanza municipal de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP 13.10.2014).

Polo exposto a Xunta de Goberno Local toma coñecemento das obras de cambio de ventás na vivenda sita na Plaza Sagrado Corazón, 5, 3ºD, Cedeira, con ref. catastral 6347202NJ7364N0017HL, sendo o promotor Juan José Pita Torres, suxeitas ás condicións do informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 16.06.2015.

Se advirte ó promotor que, para a inspección municipal, deberá de ter a disposición dos técnicos municipais o impreso rexistrado de comunicación previa e facilitará ó acceso ó local para a inspección da obra.

A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actuación e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

As comunicacións previas producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacions xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

As comunicacións previas producirán os efectos que determinen en cada caso a lexislación correspondente, a ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a Administración urbanística competente.

A inexactitude, falsidaxe ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da comunicación previa, determinará, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar e das sancions que proceda imponer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que declare tales circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano, todo elo de conformidade co establecido nas normas sectoriais de aplicación.



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

## 3.- COMUNICACIÓN PREVIA 2015/U009/000060

<b>OBXECTO:</b>	ACONDICIONAMENTO DE FACHADA REPARACIÓN DE DESCONCHADOS Rúa Arriba da Ponte, 31. Cedeira
<b>PROMOTOR:</b>	PASCUAL LEONARDO LEONARDO
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	6249511NJ7364N0001KY
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	830,00 €
<b>DATA DA SOLICITUDE (rex. entrada):</b>	02/06/2015 (núm. 3296)
<b>DATA DE INICIO DAS OBRAS:</b>	17/06/2015
<b>TAXA / ICIO:</b>	15,00 € / 19,20 €

Visto o informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 05.06.2015, emitido en sentido favorable.

Vista proposta de Alcaldía de data 17.07.2015.

Considerando o previsto no art. 15 e seguintes, da Ordenanza municipal de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP 13.10.2014).

Polo exposto a Xunta de Goberno Local toma coñecemento das obras de acondicionamento de fachada e reparación de desconchados no edificio sito na rúa Arriba da Ponte, 31, Cedeira, con referencia catastral 6249511NJ7364N0001KY, sendo o promotor Pascual Leonardo Leonardo.

Se advirte ó promotor que, para a inspección municipal, deberá de ter a disposición dos técnicos municipais o impreso rexistrado de comunicación previa e facilitará ó acceso ó local para a inspección da obra.

A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actuación e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

As comunicacóns previas producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacóns xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

As comunicacóns previas producirán os efectos que determinen en cada caso a lexislación correspondente, a ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a Administración urbanística competente.

A inexactitude, falsidaxe ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, ou a non presentación



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

ante a administración competente da comunicación previa, determinará, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar e das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que declare tales circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano, todo elo de conformidade co establecido nas normas sectoriais de aplicación.

As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### 4.- COMUNICACIÓN PREVIA 2015/U009/000061

<b>OBXECTO:</b>	DEMOLICIÓN DE TEITO DE ESCAIOLA EXISTENTE COLOCACIÓN DUN TEITO DESMONTABLE DE PLACA DEXESO Cruz Roja. Area Longa, s/n. Porto. Cedeira
<b>PROMOTOR:</b>	NEREA REGUEIRO RAMA
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	5546112NJ7364N
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	606,00 €
<b>DATA DA SOLICITUDE (rex. entrada):</b>	02/06/2015 (núm. 3300)
<b>DATA DE INICIO DAS OBRAS:</b>	20/06/2015
<b>TAXA / ICIO:</b>	15,00 € / 16,96 €

Visto o informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 05.06.2015, emitido en sentido favorable coas seguintes condicións:

- As reflectidas na autorización de Portos de Galicia que consta no expediente
- O material procedente da demolición deberase enviar a vertedoiro autorizado ou a empresa homologada de reciclaxe

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015.

Considerando o previsto no art. 15 e seguintes, da Ordenanza municipal de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP 13.10.2014).

Polo exposto a Xunta de Goberno Local toma coñecemento das obras de demolición de teito de escaiola existente e colocación dun teito desmontable de placa de xeso no edificio da Cruz Roja sito en Area Longa, s/n, Porto, Cedeira, con referencia catastral 5546112NJ7364N, sendo o promotor Nerea Regueiro Rama, suxeitas ás condicións do informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 05.06.2015.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

Se advirte ó promotor que, para a inspección municipal, deberá de ter a disposición dos técnicos municipais o impreso rexistrado de comunicación previa e facilitará ó acceso ó local para a inspección da obra.

A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actuación e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

As comunicacóns previas producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacóns xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

As comunicacóns previas producirán os efectos que determinen en cada caso a lexislación correspondente, a ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a Administración urbanística competente.

A inexactitude, falsidaxe ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da comunicación previa, determinará, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar e das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que declare tales circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano, todo elo de conformidade co establecido nas normas sectoriais de aplicación.

As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### 5.- COMUNICACIÓN PREVIA 2015/U009/000062

OBXECTO:	COLOCACIÓN DE 14 m <sup>2</sup> DE PAVIMENTO Rúa do Cristo, 2. Cedeira
PROMOTOR:	JOSÉ PARDO FERNÁNDEZ
REFERENCIA CATASTRAL:	6047518NJ7364N0001KY
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	450,00 €
DATA DA SOLICITUDE (rex. entrada):	02/06/2015 (núm. 3303)
DATA DE INICIO DAS OBRAS:	22/06/2015
TAXA / ICIO:	15,00 € / 12,60 €



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

Visto o informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 05.06.2015, emitido en sentido favorable.

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015.

Considerando o previsto no art. 15 e seguintes, da Ordenanza municipal de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP 13.10.2014).

Polo exposto a Xunta de Goberno Local toma coñecemento das obras de colocación de 14 m<sup>2</sup> de pavimento na vivenda sita na rúa do Cristo, 2, Cedeira, con ref. catastral 6047518NJ7364N0001KY, sendo o promotor José Pardo Fernández.

Se advirte ó promotor que, para a inspección municipal, deberá de ter a disposición dos técnicos municipais o impresos rexistrado de comunicación previa e facilitará ó acceso ó local para a inspección da obra.

A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actuación e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

As comunicacóns previas producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacóns xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

As comunicacóns previas producirán os efectos que determinen en cada caso a lexislación correspondente, a ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a Administración urbanística competente.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da comunicación previa, determinará, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do derecho ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar e das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que declare tales circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao reconocemento ao exercicio do derecho ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

entre tres meses e un ano, todo elo de conformidade co establecido nas normas sectoriais de aplicación.

As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

## 6.- COMUNICACIÓN PREVIA 2015/U009/000063

<b>OBXECTO:</b>	COLOCACIÓN DE PORTALÓN DE ENTRADA PECHE DE PAREDE LATERAL PARA PECHAR MEDIANEIRA Rúa Estrada, 9, baixo. Cedeira
<b>PROMOTOR:</b>	MARCELINO FERNÁNDEZ GABIA
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	6645317NJ7364N0001SY
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	985,00 €
<b>DATA DA SOLICITUDE (rex. entrada):</b>	04/06/2015 (núm. 3367)
<b>DATA DE INICIO DAS OBRAS:</b>	23/06/2015
<b>TAXA / ICIO:</b>	15,00 € / 27,58 €

Visto o informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 09.06.2015, emitido en sentido favorable.

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015.

Considerando o previsto no art. 15 e seguintes, da Ordenanza municipal de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP 13.10.2014).

Polo exposto a Xunta de Goberno Local toma coñecemento das obras de colocación de portalón de entrada e peche de parede lateral no baixo sito na rúa Estrada, 9, Cedeira, con ref. catastral 6645317NJ7364N0001SY, sendo o promotor Marcelino Fernández Gabia.

Se advirte ó promotor que, para a inspección municipal, deberá de ter a disposición dos técnicos municipais o impresos rexistrado de comunicación previa e facilitará ó acceso ó local para a inspección da obra.

A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actuación e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

As comunicacóns previas producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacóns xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

As comunicacóns previas producirán os efectos que determinen en cada caso a legislación correspondente, a ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a Administración urbanística competente.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da comunicación previa, determinará, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de inefficacia da comunicación efectuada e determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar e das sancións que proceda imponer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que declare tales circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano, todo elo de conformidade co establecido nas normas sectoriais de aplicación.

As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### 7.- COMUNICACIÓN PREVIA 2015/U009/000065

OBXECTO:	CAMBIO DE CUBERTA C/ Salinas, 17. Cedeira
PROMOTOR:	SALVADOR PÉREZ GARCÍA
REFERENCIA CATASTRAL:	6841317NJ7364S0002MG
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	7.000,00 €
DATA DA SOLICITUDE (rex. entrada):	05/06/2015 (núm. 3399)
DATA DE INICIO DAS OBRAS:	06/07/2015
TAXA / ICIO:	42,00 € / 196,00 €

Visto o informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 09.06.2015, emitido en sentido favorable, coas seguintes condicións:

- Esta licenza non ampara obras estruturais nin de ampliación de volume debendo manter a configuración actual da cuberta
- O material procedente do desescombro deberase retirar e recepcionar por empresa homologada de reciclaxe

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015.

Considerando o previsto no art. 15 e seguintes, da Ordenanza municipal de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP 13.10.2014).

Polo exposto a Xunta de Goberno Local toma coñecemento das obras de cambio de cuberta na vivenda sita na C/ Salinas, 17, Cedeira, con ref. catastral 6841317NJ7364S0002MG, sendo



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

o promotor Salvador Pérez García, suxeitas ás condicións do informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 09.06.2015.

Se advirte ó promotor que, para a inspección municipal, deberá de ter a disposición dos técnicos municipais o impresos rexistrado de comunicación previa e facilitará ó acceso ó local para a inspección da obra.

A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actuación e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

As comunicacións previas producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

As comunicacións previas producirán os efectos que determinen en cada caso a lexislación correspondente, a ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a Administración urbanística competente.

A inexactitude, falsidaxe ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da comunicación previa, determinará, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar e das sancións que proceda imponer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que declare tales circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano, todo elo de conformidade co establecido nas normas sectoriais de aplicación.

As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### 8.- COMUNICACIÓN PREVIA 2015/U009/000066

OBXECTO:	RETIRADA E REPARACIÓN DE ZONAS PERIGOSAS DE DESPRENDIMENTO NA FACHADA Centro de Saúde. Avenida Zumalacárregui, 11. Cedeira
PROMOTOR:	ALVARÉY LLAGO S.L.
REFERENCIA CATASTRAL:	6450801NJ7364N0001PY



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	21.000,00 €
<b>DATA DA SOLICITUDE (rex. entrada):</b>	08/06/2015 (núm. 3481)
<b>DATA DE INICIO DAS OBRAS:</b>	01/07/2015
<b>TAXA / ICIO:</b>	126,00 € / 588,00 €

Visto o informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 09.06.2015, emitido en sentido favorable, coas seguintes condicións:

- O material procedente do desescombro deberase retirar e recepcionar por empresa homologada de reciclaxe

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015.

Considerando o previsto no art. 15 e seguintes, da Ordenanza municipal de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP 13.10.2014).

Polo exposto a Xunta de Goberno Local toma coñecemento das obras de retirada e reparación de zonas perigosas na fachada do Centro de Saúde sito na Avenida Zumalacárregui, 11, Cedeira, con ref. catastral 6450801NJ7364N0001PY, sendo o promotor Alvaré y Llago S.L, suxeitas ás condicións do informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 09.06.2015.

Se advirte ó promotor que, para a inspección municipal, deberá de ter a disposición dos técnicos municipais o impreso rexistrado de comunicación previa e facilitará ó acceso ó local para a inspección da obra.

A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actuación e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

As comunicacións previas producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

As comunicacións previas producirán os efectos que determinen en cada caso a lexislación correspondente, a ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a Administración urbanística competente.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da comunicación previa, determinará, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do derecho ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais,



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

cívís ou administrativas a que houbese lugar e das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que declare tales circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano, todo elo de conformidade co establecido nas normas sectoriais de aplicación.

As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### 9.- COMUNICACIÓN PREVIA 2015/U009/000067

OBJECTO:	INSPECCIÓN E CAMBIO DE TUBERÍA DE CONDUCCIÓN LIBRE Lg. Chímparra. Cedeira
PROMOTOR:	ELÉCTRICAS DE CEDEIRA S.L.
REFERENCIA CATASTRAL:	Central Hidroeléctrica de Chímparra
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	12.772,00 €
DATA DA SOLICITUDE (rex. entrada):	08/06/2015 (núm. 3498)
DATA DE INICIO DAS OBRAS:	15/08/2015
TAXA / ICIO:	76,63 € / 357,61 €
OBSERVACIONES: (segundo o informe técnico)	Mantenimento, reparación e substitución de tubería existente da Central Hidroeléctrica de Chímparra

Visto o informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 09.06.2015, emitido en sentido favorable, coas seguintes condicións:

- O material procedente da reparación ou substitución deberá ser recepcionado por vertedoiro autorizado ou empresa homologada de reciclaxe

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015.

Considerando o previsto no art. 15 e seguintes, da Ordenanza municipal de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP 13.10.2014).

Polo exposto a Xunta de Goberno Local toma coñecemento das obras de inspección e cambio de tubería de conducción libre na Central Hidroeléctrica sita no lugar de Chímparra, Cedeira, sendo o promotor Eléctricas de Cedeira S.L, suxeitas ás condicións do informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 09.06.2015.

Se advirte ó promotor que, para a inspección municipal, deberá de ter a disposición dos técnicos municipais o impreso rexistrado de comunicación previa e facilitará ó acceso ó local para a inspección da obra.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actuación e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

As comunicacóns previas producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacóns xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

As comunicacóns previas producirán os efectos que determinen en cada caso a lexislación correspondente, a ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a Administración urbanística competente.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da comunicación previa, determinará, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do derecho ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar e das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que declare tales circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do derecho ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano, todo elo de conformidade co establecido nas normas sectoriais de aplicación.

As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o derecho de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### 10.- OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA 23V/2015

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015, que literalmente di:

#### "Expte.- OCUPACION VIA PUBLICA 23V/2015

O 02.06.2015 (núm de rex entrada 3297) Pascual Leonardo Leonardo presenta solicitude de ocupación da vía pública, cunha superficie de 10 m<sup>2</sup> e 6 m de altura, durante 3 días, na rúa Arriba da Ponte, 31, Cedeira, para realizar as obras amparadas na comunicación previa de obra menor núm. 2015/U009/000060.

Visto o informe favorable do Arquitecto técnico municipal de data 05.06.2015, no que se establecen as seguintes condicións:

- A instalación (valla, andamio, grúa, elevador ou similar) deberá reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade, de acordo a lexislación aplicable, protexiéndose e sinalizándose axeitadamente



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

- Deberá permitir (salvo casos excepcionais) o paso peonil pola beirarrúa debidamente protexido e sinalizado

Polo exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

- Autorizar a ocupación de vía solicitada, coas condicións do informe técnico de data 05.06.2015."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

- Autorizar a ocupación de vía solicitada, coas condicións do informe técnico de data 05.06.2015.
- Dar traslado á Policía Local do presente acordo, co fin de que se faga o pertinente seguemento e emita informe ó respecto.

## 11.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 334/2015

Dase conta á Xunta de Goberno Local da resoluciónde Alcaldía nº 334/2015, que literalmente di:

### "Asunto: SOLICITUDE DE PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO “MELLORA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL”

O contrato administrativo para a execución de “Mellora da iluminación do campo de fútbol municipal”, adxudicado a D. José Luis Martínez Rivas (Electricidad Cordobelas), formalizouse con data 15.05.2015.

O prazo de execución é de 56 días naturais, polo que a data estimada para aúa recepción é o día 13.07.2015.

Con data 30.06.2015 o adxudicatario solicita unha prórroga para a finalización do contrato ata o día 27.07.2015, motivada no retraso no suministro de diverso material; e acompaña o escrito xustificativo da empresa “Báculos, S.A.”.

Con data 01.07.2015 a dirección de obra presenta un informe favorable á solicitude formulada polo adxudicatario; e na mesma data o Sr. arquitecto municipal, responsable do contrato, informa procedente acordar a prórroga do contrato ata o 27.07.2015, e manifesta así mesmo a non procedencia de imposición de penalidades.

Por todo isto, **RESOLVO:**

- 1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 315/2015 de 01.07.2015, por darse as circunstancias recollidas no art. 14 da Lei 30/1992.
- 2.- Conceder a prórroga solicitada por D. José Luis Martínez Rivas para a execución do contrato de “Mellora da iluminación do campo de fútbol municipal” ata o día 27.07.2015.
- 3.- Notificar a presente resolución ao adxudicatario, á dirección de obra e ao responsable do contrato.
- 4.- Dar traslado da presente resolución aos servizos de Intervención, Tesourería e Contratación municipais.
- 5.- Dar traslado da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice."

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

### 12.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E RECEPCIÓN DA OBRA 'ACONDICIONAMIENTO DE CAMIÑOS EN ERVELLÁS E RÉGOA'

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015, que literalmente di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

#### ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E RECEPCIÓN DA OBRA "ACONDICIONAMIENTO DE CAMIÑOS EN ERVELLÁS E RÉGOA"

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do día 18.03.2015 foi adxudicada a obra "Acondicionamento de camiños en Ervellás e Régoa" á empresa VILLASUSO ORTEGAL, S.L.

Con data 09.04.2015, a Xunta de Goberno Local dáse por enterada da aclaración manifestada pola Intervención municipal (punto 10.- Asuntos varios), no cal se especifica que ésta é unha nova contratación municipal e non con cargo ao Remanente de Tesourería do ano 2013 como inicialmente se acordaba.

Consta no expediente a acta de comprobación de replanteo de data 30.04.2015; e o día 30.06.2015 formalizouse a recepción desta obra.

Con data 30.06.2015 (rex. entrada núm. 4078) D.<sup>a</sup> Julia Ballesteros Landazuri, en representación da empresa adxudicataria presenta a seguinte documentación:

- Certificación núm. 1 (final) da obra de data 25.06.2015 polo importe de 31.431,12 €
- Factura núm. 103 de data 25.06.2015 polo mesmo importe

Con data 14.07.2015 emitiuse un informe favorable pola Intervención municipal.

Unha vez vista a documentación que se cita, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1.- Aprobar a certificación núm. 1 (final) da obra "Acondicionamiento de camiños en Ervellás e Régoa" por un importe de 31.431,12 euros; así como a factura núm. 103 do mesmo importe.

2.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

3.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1.- Aprobar a certificación núm. 1 (final) da obra "Acondicionamiento de camiños en Ervellás e Régoa" por un importe de 31.431,12 euros; así como a factura núm. 103 do mesmo importe.

2.- Notificar este acuerdo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

3.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

### 13.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E RECEPCIÓN DA OBRA 'REFORZO DO FIRME NA RÚA ORTIGUEIRA E AVDA. DE ESPAÑA'

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015, que literalmente di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

### ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E RECEPCIÓN DA OBRA "REFORZO DO FIRME NA RÚA ORTIGUEIRA E AVDA. DE ESPAÑA"

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do día 11.12.2014 foi adxudicada a obra “Reforzo do firme na Rúa Ortigueira e Avda. de España (fronte á zona deportiva)” á empresa VILLASUSO ORTEGAL, S.L.

Consta no expediente a acta de comprobación de replanteo de data 27.03.2015; e o día 25.06.2015 formalizouse a recepción desta obra.

Con data 30.06.2015 (rex. entrada núm. 4079) D. Jesús Villasuso Salas, en representación da empresa adxudicataria presenta a seguinte documentación:

- Certificación núm. 1 (final) da obra de data 15.06.2015 polo importe de 34.691,99 €
- Factura núm. 102 de data 15.06.2015 polo mesmo importe

Con data 14.07.2015 emitiuse un informe favorable pola Intervención municipal.

Unha vez vista a documentación que se cita, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1.- Aprobar a certificación núm. 1 (final) da obra "Reforzo do firme na Rúa Ortigueira e Avda. de España (fronte á zona deportiva)" por un importe de 34.691,99 euros; así como a factura núm. 102 do mesmo importe.

2.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

3.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1.- Aprobar a certificación núm. 1 (final) da obra "Reforzo do firme na Rúa Ortigueira e Avda. de España (fronte á zona deportiva)" por un importe de 34.691,99 euros; así como a factura núm. 102 do mesmo importe.

2.- Notificar este acuerdo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

3.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

### 14.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA 'PAVIMENTACIÓN DE VIAIS MUNICIPALES: A REVOLTA, LUDEIRO E A PRESA. POS ADICIONAL 1/2014'

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015, que literalmente di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

### ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE VIAIS MUNICIPALES: A REVOLTA, LUDEIRO E A PRESA. POS ADICIONAL 1/2014"

Con data 04.06.2015 (rex. entrada núm. 3366) D. José Manuel Piñeiro Castrillón, en representación da empresa JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L., adxudicataria da obra “Pavimentación de viais municipais: A Revolta, Ludeiro e A Presa. POS Adic. 1/2014”, presentou a seguinte documentación:



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

- Certificación núm. 1 da obra polo importe de 16.784,47 euros (4 exemplares)
- Factura núm. 116.00 de data 29.05.2015, polo importe de 16.666,31 euros IVE incluído, unha vez deducido o importe proporcional correspondente ao control de calidade externo.

Con data 14.07.2015 emitiuse un informe favorable pola Intervención municipal.

Unha vez vista a documentación que se cita, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1.- Aprobar a certificación núm. 1 da obra “Pavimentación de viais municipais: A Revolta, Ludeiro e A Presa. POS Adic. 1/2014” por un importe de 16.784,47 euros e a súa documentación anexa, e remitila á Excm. Deputación Provincial da Coruña para os efectos xustificativos correspondentes.

2.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

3.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1.- Aprobar a certificación núm. 1 da obra “Pavimentación de viais municipais: A Revolta, Ludeiro e A Presa. POS Adic. 1/2014” por un importe de 16.784,47 euros e a súa documentación anexa, e remitila á Excm. Deputación Provincial da Coruña para os efectos xustificativos correspondentes.

2.- Notificar este acuerdo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

3.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

## **15.- CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE REPARACIÓN DE ASCENSORES**

Vista a proposta de Alcaldía de data 15.07.2015, que literalmente di:

### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE REPARACIÓN DE ASCENSORES**

Sendo necesario efectuar reparacións varias nos ascensores situados no Colexio O Areal e no Centro Socio-cultural, solicitáronse presupostos ás seguintes empresas, os cales constan no expediente:

- THYSSENKRUPP
- NARONTEC GESTIÓN, S.L.

O presupuesto máis vantaxoso economicamente é o presentado pola empresa NARONTEC, S.L.:

- Presupuesto núm. 15017 de 30.06.2015: Importe: 1.687,95 € IVE incluido (1.252,35 € para a reparación do ascensor ubicado no Colexio Areal e 435,60 € para a reparación do ascensor do Centro Socio-Cultural).

Con data 09.07.2015 a Intervención municipal emite informes de retención de crédito: 1.252,35 € para a reparación do ascensor ubicado no Colexio Areal, e 435,60 € para a reparación do ascensor ubicado no Centro Socio-Cultural.



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

Por isto, **propóno** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coa oferta presentada por NARONTEC GESTIÓN, S.L..
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar á empresa NARONTEC GESTIÓN, S.L. o contrato menor para o servizo de reparación dos ascensores instalados no Colexio Areal e no Centro Socio-cultural, de acordo coa súa proposta e polo importe total (IVE incluido) **de 1.687,95 euros.**
- 3.- O pagamento do servizo farase de acordo co estipulado no RDL 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- 4.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria.
- 5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería, e ao de Contratación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

- 1.- Declarar a conformidade coa oferta presentada por NARONTEC GESTIÓN, S.L..
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar á empresa NARONTEC GESTIÓN, S.L. o contrato menor para o servizo de reparación dos ascensores instalados no Colexio Areal e no Centro Socio-cultural, de acuerdo coa súa proposta e polo importe total (IVE incluido) **de 1.687,95 euros.**
- 3.- O pagamento do servizo farase de acordo co estipulado no RDL 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- 4.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria.
- 5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería, e ao de Contratación.

## **16.- CONTRATO DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA**

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.07.2015, que literalmente di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Contratación de Servizos

Nº Expediente: 2015/C004/000001

Asunto: CONTRATO DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA

Con data 15.06.2015 foi subscrito o Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cedeira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

Con data 09.07.2015, a Intervención municipal emitiu un informe de fiscalización e de existencia de crédito.

Con data 13.07.2015 iniciouse polo Alcalde o procedemento de contratación.

Con data 16.07.2015 emitiuse un informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Con data 17.07.2015 redactouse e foi incorporado ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación deste contrato de servizos.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido no artigo 110 do TRLCSP, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para o servizo denominado "Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa".
2. Autorizar, en contía de 35.000,00 euros e de 7.350,00 euros de IVE (42.350,00 € IVE incluido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida 136.227.99 (Proxecto 2015 3 INCEN 1 1) do estado de gastos do Presuposto Municipal deste Concello para o exercicio 2015.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o servizo denominado "Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa" mediante procedemento negociado sen publicidade.
